



EXPOSICIÓN


MAQUINANDO O DEBUXO

DE MARCO MOREIRA

NORMAL, ESPAZO DE INTERVENCIÓN CULTURAL

DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

5/9 a 1/11 de 2019



NORMAL



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Normal, Espazo de Intervención Cultural da Universidade da Coruña

Maquinando o Debuxo de Marco Moreira
Do 5 de setembro a 1 de novembro de 2019

www.marcomoreira.pt · info@marcomoreira.pt

Coordinación

Margarita Amor · Vicerreitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria
Araceli Serantes Pazos · Adxunta de Cultura
David Calderón · Equipo técnico da Normal

Exposición

Programación: Araceli Serantes Pazos
Producción: Marco Moreira
Asistencia de montaxe: Iván Casal Nieto
Técnico de actividades culturais: David Calderón

Publicación

Servizo de Publicacións da UDC
Textos: Anne Heyvaert, Julio Abalde, Marco Moreira e Sara Donoso
Deseño e maquetación: Marco Moreira
Fotografía: Iván Casal Nieto e Marco Moreira (p. 10, 18)
Impresión: Global Print
Edita: Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións, A Coruña 2019
<https://www.udc.gal/es/publicacions>, Normal Espazo de Intervención Cultural da UDC
Colección Dedaleira, nº 4
© da edición, Universidade da Coruña
© das imaxes, Iván Casal Nieto e Marco Moreira
© dos textos, os seus autores
Número de páxinas: 52
16,5 x 20,0 cm
ISBN impresión: 978-84-9749-740-4
ISBN electrónico: 978-84-9749-741-4
Dep. legal: C 1904-2019
URL persistente <http://hdl.handle.net/2183/24031>
CDU: 741(063)*MOREIRA
IBIC: AGC|AFF|AFKN



NORMAL



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

EXPOSICIÓN

MAQUINANDO O DEBUXO

DE MARCO MOREIRA



MAQUINANDO O DEBUXO

Julio Abalde

Desde a súa remodelación polos arquitectos Mario di Felicie e Gabriel Santos Zas, NORMAL é concibido como un espazo de intervención cultural da Universidade da Coruña. Un espazo de creación, mais tamén de investigación, de encontro entre creadoras e creadores, de xeración de sinerxías e de reflexións conxuntas. É, por tanto, un espazo vivo, nada normal, onde poden ocorrer feitos imprevistos, sorprendentes e emocionantes (cando menos, iso é o que se busca).

Cultivanado a humanidade é o título dun libro da filósofa estadounidense Martha C. Nussbaum en que fai unha defensa apaixonada da educación superior como lugar en que as persoas poidan desenvolver o espírito crítico para chegar a ser boas cidadás. O cultivo da humanidade é tamén unha das finalidades que persegue NORMAL, a través da reflexión crítica, que ten como fío condutor as distintas linguaxes artísticas, nun proceso necesario para nos converter neses cidadáns do mundo que reclama a filósofa. Pola súa banda, o crítico literario Joseph North afirma que a cultura non se pode considerar de maneira illada e opina que a universidade é un lugar onde a arte desempeña un papel político, e debería ofertar programas parainstitucionais de educación estética radical. Coidamos que esta é a nosa ruta como universidade pública e apostamos polas e polos artistas que traen as súas reflexións e as súas inxerencias para aprender a mirar doutros xeitos.

«Maquinando o debuxo» é froito da investigación do artista portugués Marco Moreira que -lonxe de ser un principiante no

mundo da arte e a creación- é a primeira vez que fai unha mostra individual en España. A exposición contén parte dos seus traballos, que son estudos de cara á súa tese de doutoramento. Esta mostra é un exercicio práctico de debuxar, en que o artista explora os límites entre o bidimensional e o tridimensional, orixinando novas realidades, con linguaxe -ás veces- próxima ao surrealismo.

A nosa relación con Marco Moreira xorde no I Encontro/ Residencia de Creadores Emerxentes «Interaccións artísticas en Galicia», celebrado no mes de xuño de 2018 no Pazo de Mariñán, dentro do Convenio de colaboración entre a Real Academia Galega de Belas Artes, as tres universidade galegas (A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo) e os dous conservatorios superiores de música (A Coruña e Vigo). Marco Moreira participa entón como alumno de doutoramento da Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo. Hoxe achega a súa proposta expositiva para a Sala NORMAL en que busca respostas no ollar das persoas que se acheguen a visitala.

Esta experiencia de colaboración pon de manifesto unha vez máis que os convenios institucionais se poden converter en oportunidades para as e os artistas emerxentes; tamén para os máis consolidados. Son oportunidades para sumar e os resultados están á vista.





SOBRE A EXPOSICIÓN

Marco Moreira

Esta exposición que agora presento na Sala Normal é unha mostra do proxecto de investigación que levo a cabo desde hai xa algúns anos, onde reflexiono sobre a práctica e os métodos de produción inherentes ao desenvolvemento da miña actividade artística. Así, centrándome especialmente na práctica do debuxo, procuro explorar os límites e fronteiras entre o bidimensional e o tridimensional, establecendo unha relación entre a representación e o real, así como entre o artista, a obra e os que a gozan (o público). Esta relación define a condición da inscrición de lugar e permite reflexionar sobre ela.

Deste xeito, abordo conceptos como a intuición, a intelección, o tempo e o espazo, recontextualizando obxectos e ideas coa fin de materializar procesos creativos. Recorro a un traballo sintético, pero ao mesmo tempo envolvente, tendo a intención de que a obra teña existencia nunha dimensión poética.

Nalgúns dos meus traballos utilizo simples obxectos cotiáns, que adquiero e son parte da miña práctica habitual de traballo; ferramentas e instrumentos que cambio e manipulo, tentando lidar co que chamo síntese mecánica, acentuando a condición da ferramenta inherente aos obxectos usados. Esta condición permíteme a min mesmo e a calquera visitante experimentar o traballo, tanto táctil como visualmente, ó través da acción de debuxar.



MURO. PAPEL. LAPIS. OU COMO CUESTIONAR O DEBUXO.

Anne Heyvaert¹

Muro. Papel. Lapis son palabras -guiño ao xogo infantil *Pedra. Papel. Tesoira*- que nos indican os principais atributos do traballo de Marco Moreira ao redor da práctica do debuxo e a súa interacción co espectador. Son elementos básicos e tradicionais da disciplina: o soporte papel, a ferramenta lapis (e a súa mina de grafito) e o muro (da exposición para a súa recepción). Desde esta economía de medios propia do debuxo, Marco convídanos nesta mostra a participar das súas reflexións, pasando dunha obra a outra, con pezas de diferentes épocas, desde 2012 ata hoxe. Son o resultado da evolución e coherencia das súas investigacións que van complicándose a medida que as respostas van xerando novas preguntas.

Os muros da Sala Normal non son muros de exposición calquera -certamente moi respectados na escena cultural coruñesa e galega; pertencen a un espazo universitario, ex sede dunha titulación fundamental para o acceso ao coñecemento e ao desenvolvemento dun espírito crítico, a Escola Normal de Maxisterio. En todo caso, son muros *normais*, brancos e lisos, organizados (pois varios son tabiques amovibles) para crear unha gran sala rectangular abarcable

¹ Anne Heyvaert é profesora da Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo, titora da investigación doutoral de Marco Moreira na mesma universidade.

visualmente desde a entrada, na que as obras se relacionan e se enfrontan, facilitando as relacións entre elas.

A parede máis ampla serve de soporte a unha serie de pezas e participa directamente delas a modo dun gran lenzo que recibe os trazos duns dispositivos realizados con lapises.² Esta instalación² expón as bases do traballo de Marco: as relacións entre o soporte, o material, a ferramenta e a acción -do artista pero tamén do receptor espectador. Os debuxos resultantes en forma de círculos concéntricos exemplifican estas interrelacións na repetición. *Maquinando o debuxo* reza o título da mostra, na que a máquina -parte integrante desa gran composición mural moi plástica- evidencia a acción necesaria na actividade do debuxo e a súa relación co corpo.

Observamos nas últimas exposicións e feiras internacionais específicas de debuxo³ un interese cada vez maior cara ás posibilidades performativas do debuxo, consecuencia da súa interrelación con outras disciplinas, como a escultura ou a instalación, a escritura e o pensamento -incluso a meditación- nas que a participación do corpo é esencial. A produción in situ invade os espazos, ben sexa coa presenza do autor ou con *dispositivos mecanizados* que desafían o concepto de autoría. Por outra banda, a atención crecente (desde mediados do século pasado) polo proceso mesmo de creación levou tamén a incluír hoxe o relato da realización na recepción expositiva. Xa non se trata tanto de

2 Obra seleccionada para a exposición do 23 Premio Internacional de Gráfica Máximo Ramos PMR, en 2014, no Centro Torrente Ballester de Ferrol, podendo coñecer a obra de Marco Moreira naquela ocasión, sendo membro do xurado desta edición.

3 Por exemplo: Drawing Now Art Fair, en Francia ou Drawing Room, en España e Portugal. Cf o artigo «Dessins contemporains, le tournant performatif», na revista art press, de abril 2019.

presentar o valor dunha obra ben terminada, rematada, senón de plasmar os mecanismos da súa ideación e da súa execución, fronte a un espectador cada vez máis implicado. Nestas formas experimentais do debuxo contemporáneo, paradoxalmente, reanímase a relación ancestral do trazo co pensamento, coa súa pegada xestual, fronte á actual transcripción mecanizada e virtual do texto (e das imaxes). A empatía receptiva vese tamén reforzada.

Como os seus coetáneos, Marco Moreira indaga nestas cuestións reflexivas e procesuais do debuxo; coas súas máquinas de debuxar con lapises, que necesitan da acción humana e que poden producir, por algún xesto incerto, pequenos desvíos perfectamente asumidos. O control e a sorte únense na manipulación doutro dispositivo en forma de caixón de madeira que simula un gran xogo de paciencia, no que se substituíron as bólas de aceiro por grosas bólas de grafito⁴, que van debuxando mapas aleatorios.

En todas as obras, as marcas procesuais, as anotacións de referencia, as raias da regra ou as pegadas dos trazos de lapis e os seus brillos prateados, ponderan o tempo da actividade e as calidades sensíbles propias dos materiais utilizados. Neste sentido, o debuxante aproveita as posibilidades visuais dos dezaseis graos do lapis de grafito para declinar pacientemente -execución lenta e precisa, meditativa sen dúbida- uns degradados sobre grandes follas de papel, cuxa presentación en aspa dinamiza a súa percepción.

Moitas das composicións de Marco pretenden destacar o acto mesmo e a súa reiteración, como cortar e recortar de maneira sistemática uns folios cubertos de grafito. A medida do ancho do propio lapis determina a medida dos cortes concéntricos das follas,

4 Traballo que xurdiu despois dunha residencia na Viarco, Fábrica Portuguesa de Lápis en Portugal no ano de 2012.

que van formando unha serie de marcos decrecentes. Retoma este recurso noutra composición⁵, combinando uns marcos realizados con lapises pegados entre si con outros debuxados sobre o muro. Todos estes recadros delimitan uns espazos baleiros, alusión á folla en branco, a obras potenciais, con todo, xa enmarcadas.

Fronte ao rigor xeométrico e unha certa austeridade, percíbese o humor discreto (portugués) de Marco Moreira, en pezas que falan outra vez da acción, que, á maneira duns flip books, recrean a execución de cravar un papel á parede, para logo visualizar o movemento do paso das follas (brancas) desmultiplicadas. Noutra orde, o artista pretende significar a acción dun paso, en tanto que acto físico elemental do home na súa vida diaria (neste caso cara á saída da sala ;-). Para iso, válese dunha metáfora recorrente, as pegadas dos pés, recortadas sobre unha pila de follas de papel. Podemos tamén sinalar o valor figurado da pegada como transposición dunha realidade a través dun xesto; igual que as pegadas de mans nas covas, probas da acción e presenza humana en tempos remotos.

Sorrimos tamén diante duns cadernos de debuxo con tapa enteada: un encerrado sobre si mesmo por dous lombos e outro ao contrario sen lombo ningún, o seu manexo vese contrariado en ambos os casos –os dous son resultados dunha acción sobre un caderno único. Á beira, un bloque de follas de papel encadernadas contraponse a un debuxo espacial e sintético dun cubo, esbozado cuns lapises unidos. Co mesmo recurso, os utensilios aparentemente dobrados enmarcan a imaxe dun simple cadrado sobre a mesa.

Parece que a forma cadrada, básica da linguaxe xeométrica, interesa particularmente ao artista, que a busca e atópa na realidade cotiá da súa contorna próxima; por exemplo, no chan do obradoiro

5 A partir das medidas da mesa do seu estudo.

durante unha residencia de investigación na Térmica de Málaga⁶. O chan en cuestión forma unha fermosa retícula das baldosas de cor crúa e tella –de casualidade moi semellante á cor da madeira dos lapis–, e cuxas medidas –tamén de casualidade, ou non?– corresponden ás da placa metálica debaixo da manilla da porta do estudo. Marco aproveita esta providencia para seguir a xogar e enganar, replicando con cartón a forma da placa (e da manilla), e a cor e brillo do aluminio con mina de grafito. Así mesmo, o artista dedícase a rexistrar sobre recadros de papel (do mesmo tamaño) as interseccións das baldosas, coa técnica do *frottage* con lapis sobre o chan. Marco reflexiona outra vez sobre o acto de debuxar e as calidades dos seus materiais, pero tamén acerca da súa intención, a de recoller e re-presentar unha realidade, como unha usurpación na semellanza. *Aldrabice* (engano) é o título desta proposta.

A continuación, no chan contra a parede, outra peza reincide en desconcertarnos, como unha sorte de *mise en abîme* nunha dobre fotografía que, como todo trampantollo, usa a súa forza de atracción para enganarnos mellor, atrapados e cómplices fronte a esta ilusión de espello. Por outra banda, o seu título *Back to work after a break* apúntanos que estamos nun obradorio, onde se traballa e se actúa. A fotografía (pseudo espello) deixa entrever o oco dunha porta, a mesma da que Marco retirou a placa cadrada de metal para poder presentala na instalación anterior.

Marco Moreira quixo traer esta porta á exposición e, ante a falta de autorización, decidiu recreala a escala, por medio dun armazón de varias fotografías, nun neutro e integrador branco e negro. As copias impresas están marcadas por unhas dobraduras que achegan, xunto á superposición dos papéis, un discreto aspecto

tridimensional á obra, e unha percepción da mesma máis física. O conxunto de pregamentos forma unha retícula de direccións oblicuas que prolongan o debuxo das interseccións entre as baldosas, visibles na falsa placa da manilla. Actúa como un reflexo do pavimento da sala sobre a porta, e a conecta cos efectos da desarticulación dos espazos da fotografía anterior.

Pensamos nas raíces etimolóxicas da palabra "pregar" que unen o concepto de dobrar co de trenzar, entrelazar. Nesta última peza, a máis recente realizada por Marco, maniféstanse a riqueza e a "complexidade" das súas reflexións, que se foron "despregando" e entrelazando en resultados encadeados coas súas diferentes capas de sentido. Confiando na nosa intuición, o artista busca "implicarnos"⁷ nos seus papeis, obxectos e artefactos, como tantas "réplicas" e resonancias. Parámonos finalmente, "cómplices" do seu xogo, ante un ladrillo branco de papel (feito de recortes amontoados, restos dalgunhas pezas) que podemos interpretar como o proxecto dun novo muro branco, en previsión de próximas derivacións a partir de papeis e lapises.

⁷ As palabras entre comiñas deste parágrafo son todas derivacións da palabra "pregar" (*plicare* en latín), conteñen a raíz común *pli*, *pri* ou *pre*.





A LÓXICA DO DEBUXO DESDE AS SÚAS FRONTEIRAS

Sara Donoso

O debuxo é unha das formas máis antigas de expresión artística, marcou toda unha tradición secular e experimentou diferentes consideracións ao longo da Historia da arte. Nalgúns casos construíuse unha imaxe estereotipada do mesmo, ligando a súa función á de complemento doutras linguaxes para servir como base, como guía e bosquexo, de composicións pictóricas ou escultóricas. Pero tamén confirmou desde o inicio o seu potencial para exercer como disciplina autónoma, enfrontándose a retos e problemas intrínsecos ao medio. Así, poderíamos falar da versatilidade do debuxo, reivindicalo, se aínda é isto necesario, como campo de creación plástica á vez que nos fixamos na súa capacidade de situarse tanto no centro como na intersección. Pode constituírse como extensión doutras accións máis complexas ou expresarse como fin en si mesmo. Ten, por tanto, esa capacidade para amparar a outras disciplinas e para transcendelas, expresándose sen mediacións. Este desdobraemento nas súas funcións apréciase de maneira notable nas prácticas máis contemporáneas, onde a reflexión sobre os propios métodos de produción estimula novas realidades plásticas e suprime as fronteiras. Partir do xesto máis simple, da liña, para comezar a construír significados. A relación co debuxo maniféstase heteroxénea e desdobrada.

Desde esta óptica, podemos ler o traballo de Marco Moreira como un impulso por analizar (e deconstruír) os xéneros artísticos tradicionais a través de diversas operacións que se equilibran entre

o formal e o conceptual. Moreira explora os límites das disciplinas centrándose no debuxo como medio de análise e expresión. Entende o debuxo como indicio, como marca que nos define. Como unha rúbrica coa que sinalamos o noso espazo. Neste sentido, expón o seu traballo como un continuo cuestionamento sobre os obxectos que nos rodean, procurando pescudar as pegadas das nosas accións. As súas imaxes materialízanse coma unha forma de habitar o cotián, de conxugar a vida coa arte para crear un intersticio; producir unha experiencia que circule en ambas as direccións. Esta reflexión increméntase cando o artista sitúa o foco de atención no seu propio taller e implementa un dobre xogo entre os materiais de traballo e a obra finalizada. Así, analiza a natureza do debuxo dun modo radical e transversal que adereza con notas de ironía. O fai desde un xesto sintético, partindo dos principios máis básicos do medio (o lapis e o papel) para concretalo en volumes, trazos, fotografías e instalacións que constitúen múltiples variables.

Tomando como punto de partida a actitude de síntese que enmarca a obra de Marco Moreira, poderíamos situar tres alicerces fundamentais que axudan a comprender a súa lóxica creativa: a revisión da idea de debuxo, a implicación do cotián e o diálogo co público. Desde aí, prodúcese unha procura constante dos significados achegados polo creador e aqueles que extrapolan a fronteira da peza para facernos partícipes das súas alteracións. Moreira atópase continuamente cuestionando a súa contorna, coma se estivese incómodo ante un único aproveitamento dos obxectos, ante a idea establecida de dispoñer cada elemento para o seu obxectivo utilitario. Por iso, emprega elementos cos que convive non só na súa vida diaria senón, sobre todo, na súa práctica artística. Ferramentas que facilitan a articulación da obra e que reverten agora o seu papel, pasando de instrumento de traballo a parte representativa do produto artístico. A lóxica do absurdo cotián dá paso a outro universo moito máis complexo onde a eficacia dos obxectos non responde á

súa funcionalidade senón á súa concepción física e simbólica.

As súas obras seguen ás veces a fórmula do trampantoxo, xogan coa realidade e a súa representación abrazando un carácter entre provocador e sarcástico esixindo, unha mirada vivaz. Resulta difícil comprender o seu traballo nun primeiro golpe de vista e iso é precisamente o que o fai atraente, a súa capacidade para retar a nosa retina impulsándonos a indagar nos seus procesos. Non se trata, con todo, dun traballo complexo (e aquí está o paradoxo) senón dun exercicio de síntese e transposición de significados que require a nosa atención. Advertímolo por exemplo en *Aldrabice*, onde recolle a forma das baldosas do seu estudo presentándoas en grafito sobre papel e introducindo fisicamente a fechadura da porta, coas mesmas dimensións, na parede. Ao ser debuxados directamente sobre a superficie do chan, cada lámina gravou as xuntas destas baldosas establecendo unha curiosa composición monocromática que o público poderá ir alterando. Unha obra completa, en continua construción, que amálgama diferentes fases de produción para poñelas finalmente ao dispor do espectador. Mantendo ese xogo perceptivo de relacións formais e espaciais, proxectos como *Sen título*, *Open Studio* ou *Back to work after a break* activan un espazo de pausa, de incerteza. Fotografías que parecen espellos, debuxos que son fotografados e que simulan, á súa vez, a arquitectura do estudo... As súas pezas camuflan o real e a súa representación nun mesmo plano para xerar unha ilusión continua. Para pechar o círculo.

Todos estes rexistros, que se orixinan desde o xesto máis sinxelo, terminan establecendo confluencias con outras linguaxes. Nalgúns casos prodúcense de modo tanxencial, noutros se evidencian claramente poñendo en contacto o bidimensional e o tridimensional a partir da estratexia compositiva. En *What you see is what you see and what you saw is what you saw and what you see is what you saw and what you saw is what you will see*, Marco Moreira

fai unha chiscadela á obra de Frank Stella. Lembrando a famosa frase do autor: "What you see is what you get", Moreira recolle o seu método de traballo para trasladalo ao espazo do debuxo. Mentres o pintor empregaba brochas de diferentes tamaños para trazar nun só xesto as súas liñas, o artista que nos ocupa fai o propio co lapis. O resultado; follas de papel debuxadas e recortadas que se converten en marcos e que, a través da súa disposición na sala, compoñen novas formas alongando as súas liñas a través das sombras. En *Sen título (Lapis e debuxo sobre parede #8)* toma como punto de partida a altura da mesa do seu estudo para transformar os lapis en pequenas esculturas cuadrangulares axustadas unhas a outras. Aquí, o material de traballo perde a súa función orixinal, abandona o papel e pasa a converterse en elemento principal da peza. Con todo, continúa soportando unha carga simbólica que o vincula ao acto de debuxar, idea que se reforza ao perfilar sobre a parede cadrados do mesmo ancho que os lapis. Prodúcese entón unha estreita relación entre o obxecto e a súa proxección espacial. Outro traballo que merece atención é *Sen título*, unha caixa de debuxo creada no ano 2012 que serviu de orixe e engrenaxe para obras posteriores. Partindo dos clásicos xogos de bólas, constrúese unha caixa manipulable consistente en introducir pequenas esferas de grafito en diferentes buracos. O movemento da caixa e a base de papel Fabriano permiten que se vaia conformando un debuxo improvisado, azaroso e colectivo. Dando un paso máis, as pezas *Sen título (Lapis e debuxo sobre parede #7, 2, 4 e 6)* modifican a forma común dos lapis sen anular a súa función. Neste caso Moreira fabrica máquinas de debuxar a partir de lapis Viarco que se poden intervir para trazar diversos círculos sobre a parede. O artista propón unha composición dobre para dotar á obra de varias capas visuais: un diálogo entre as ondulacións introducidas polo material e aquelas que se inscriben directamente sobre o soporte. Estes lapis adquiren, instalados sobre parede, un rol escultórico onde a aparencia plástica

comparte relación co valor funcional, perfilando unha composición rítmica, que demostra ao mesmo tempo a convivencia, entre o debuxo e o deseño. Nestes proxectos, o debuxo comeza a adquirir volume e perpetúase a través do seu propio reflexo, como nunha banda de Moebius que volve sempre sobre si mesma.

Xunto a estas composicións mecánicas que habilitan a complicidade entre artista, obra e público, tamén se atopan outras pezas onde o debuxo contéplase a si mesmo reivindicando as súas características primarias nun proceso autorreferencial. Marco Moreira expón entón un exercicio co que investigar a achega da cor e o espazo mediante o estilo xeométrico que empapa a súa traxectoria. Mantendo a economía formal que lle caracteriza, destacan pezas como *Sen título*, onde recolle 16 niveis de grafito sobre papel que se dispoñen cara a dentro e cara a fóra experimentando diversas variacións cromáticas e conformando entre eles un xogo de tramas. Outras veces, como en *Window*, introduce a superficie da parede como soporte para relacionar plano e obxecto simulando unha xanela. En ocasións sorpréndenos con pequenos poemas-obxecto que revertern o valor das cousas, convertendo os elementos máis sinxelos nunha sorte de xeroglíficos visuais. Cadernos imposibles de abrir, lapis que exceden a súa función, pegadas de papel retidas nunha dicotomía entre o cheo e o baleiro... As imaxes desbordan agora o marco da representación clásica, suprimen ou xustapoñen os seus significados para infestarse de novas referencias. Deste xeito, compón toda unha simboloxía cotiá que nos devolve o reflexo das nosas accións, como nun impulso involuntario por escribir entre as marxes do establecido.

No traballo de Marco Moreira o debuxo xorde como unha primeira experiencia que acariña e acompaña o resto do proceso creativo, como unha transición entre o pensamento, a acción e a obra. O artista permítenos contemplar unha duplicidade entre o tanxible

e o seu contrario, traslada ás tres dimensións o carácter gráfico do medio para reverter o seu rumbo. Con referencias ao minimalismo, as súas imaxes abrazan un perfil xeométrico que responde a unha inclinación pola sobriedade formal e permite equilibrar a composición dando como resultado obras limpas, sintéticas e rotundas. Noutros niveis de pensamento, o seu interese reside en abranguer o máximo posible de significados partindo dun xesto mínimo que conseguirá dilatar para constituílo como peza artística en diálogo coa contorna. As formas do debuxo multiplícanse, como o fan os parámetros cos que antes liamos a obra de arte. As dúas dimensións xa non son a regra, a propia idea de regra abandonou a súa posición privilexiada para facernos pensar na arte como unha experimentación constante. Un ir e vir de preguntas, máis que de respostas, que tratan de contemplar e combinar as súas múltiples posibilidades.



Sen título, 2012

Recorte de pegada sobre follas de papel A4 80g

Dimensións variables










Sen título (Lapis e debuxo sobre parede #2), 2015

Lapis de grafito Viarco de diferentes durezas, cortados en ángulos rectos e montados en formas circulares, fixados sobre a parede, debuxando semicírculos concéntricos de diferentes tamaños a través da interacción do usuario

Dimensións variables








Aldrabice, 2018

Grafito sobre papel, cartón e parede, cartón, aceiro, chaves do
estudio e 128 cravos de aceiro de 1,8 x 25 mm

143,5 x 143,5 cm



Back to work after a break, 2018

Tinta de pigmento Ultrachrome sobre papel fotográfico HP

Everyday 235 gr montado sobre 3 mm Dibon


46,3 x 69,4 cm



Sen título, 2015


Impresións sobre 60 follas papel A4 Canson 180g e catro cravos
de aceiro

2 flipbooks, cada un, 29,7 × 21 x 2,5 cm



*What you see is what you see and what you saw is what you saw
and what you see is what you saw and what you saw is what you
will see, 2018*

Grafito sobre papel Fabriano e 116 cravos de 2mm
2 debuxos, cada un, 95,2 x 67,3 cm



Sen título, 2012

Madeira, azeiro, cable, esferas de grafito e papel Fabriano

71 x 50 x 5,5 cm



Sen título, 2016

16 graos de grafito sobre papel Fabriano


4 debuxos, 70 x 50 cm



Sen título (Lapis e debuxo sobre parede #8), 2017

Lapis Viarco de diferentes durezas, cortados e colados a formar cadrados de diferentes tamanhos e deseño na parede

Dimensións variables



Sen título, 2018

10 x Ultrachrome Tinta de pigmento sobre papel fotográfico HP Everyday

235,3 x 91,8 cm



Sen título, 2014

6 lapis de grafito manipulados

16 x 16 x 16 cm

Sen título, 2012

Caderno cubo con dúas lombadas

15 x 15 cm

Sen título, 2016

follas soltas de papel A4 80 g cortadas e superpostas en forma de ladrillo

6,2 x 22,5 x 10 cm

Sen título, 2012


2 cadernos Winsor & Newton cortados e unidos en dos partes.

21,5 x 21,5 cm, 21,5 x 10cm, 1 x 1,5 cm

Sen título, 2016

4 lapis Viarco cortados e colados para formar ángulos de 90°

Dimensións variables





NORMAL



UNIVERSIDADE DA CORUÑA